

PROBA DE ACCESO A CICLOS

As probas de acceso aos ciclos formativos van dirixidas ás persoas que **non** cumpren os requisitos académicos de acceso, é dicir, que carecen do Graduado en Educación Secundaria, se queren acceder a Ciclos Medios ou de título de Bacharelato se queren acceder a un Ciclo de Grao Superior.

Acceso a grao medio:

Para poder concorrer á proba é necesario ter cumpridos dezasete anos ou cumprilos neste ano.

A proba divídese en tres partes:

- Sociolingüística: Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.
- Matemática: matemáticas.
- Científico-técnica: Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio terán lugar o **día 10 de xuño de 2020**. As persoas que selaron a matrícula no noso instituto deberán realizar a proba no **CIFP de SOMESO**.

Documentación que se precisa

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Non se permitirá o acceso ao lugar de celebración da proba sen os devanditos documentos.

Horario das probas

Presentación:

– Ás 9:00 horas.

Parte matemática e parte sociolingüística da proba:

– Das 09:30 ás 13:00 horas (matemáticas, lingua galega, lingua castelá e ciencias sociais).

Parte científico-técnica da proba:

– Das 16:00 ás 18:00 horas (ciencias da natureza e tecnoloxía).

Materiais que se poden empregar para a realización das probas

Bolígrafos de tinta negra ou azul.

Na proba de Tecnoloxía poderase empregar calculadora que non sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e/ou transmitir datos.

Toda a información sobre a proba podes atopala nas [Instrucións para a realización da proba de acceso](#)

Acceso a grao superior:

Para poder concorrer á proba é necesario ter cumpridos dezanove anos ou facelos neste ano.

Estrutura da proba:

a) Parte común:

- Lingua Galega.
- Lingua Castelá.
- Matemáticas.

b) Parte específica. Organizarase con base en tres opcións, A, B e C, en función das familias profesionais e os ciclos formativos. A persoa aspirante terá elixida unha das tres opcións no momento de formalizar a solicitude de inscrición para a proba, escollendo dúas das tres materias das que desexa ser examinado:

– Opción A: Economía da Empresa, Lingua Estranxeira (inglés ou francés) e Filosofía.

– Opción B: Debuxo Técnico, Tecnoloxía Industrial e Física.

– Opción C: Ciencias da Terra e Ambientais, Química e Bioloxía.

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior terán lugar o **día 11 de xuño de 2020**. As persoas que selaron a matrícula no noso instituto deberán realizar a proba no **CIFP de SOMESO**.

Documentación que se precisa

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Non se permitirá o acceso ao lugar de celebración da proba sen os devanditos documentos.

Horario das probas

Presentación:

– Ás 9:00 horas.

Parte común da proba:

– Das 9:30 ás 13:00 horas: materias da parte común (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).

Parte específica da proba:

– Das 16:00 ás 18:30 horas: materias da parte específica.

Materiais que se poden empregar para a realización das probas

Bolígrafos de tinta negra ou azul.

Calculadora científica, agás as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e/ou transmitir datos.

Para a proba de debuxo técnico, materiais básicos de debuxo: lapis, compás, regra, escuadra e cartabón.

Toda a información sobre a proba podes atopala nas [Instrucións para a realización da proba de acceso](#)